



## Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

### ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía, Decreto Núm. 2023-0142, de data 17 de marzo de 2023, aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para a constitución da Bolsa de Traballo coas seguintes características:

Denominación da praza	Técnico/a de educación infantil
Réxime	Persoal laboral temporal
Unidade/Área	Escola Infantil Municipal
Categoría profesional	Subgrupo C1 asimilado a funcionario de carreira
Titulación exigible	Técnico Superior en Educación Infantil ou estudos regrados e oficiais de similar equivalencia. Grao en Mestre de educación infantil ou estudos universitarios de similar equivalencia
Sistema selectivo	Concurso

En data 20 de abril de 2023, publicouse a Acta de constitución da Bolsa de Traballo de Técnico/a de educación infantil, coa orde nela establecida.

Na Base Duodécima. "Actualización da Bolsa", establécese que "Anualmente abrírase un período, do día 20 ao 30 de marzo de cada ano, para a actualización de méritos e a presentación de novas solicitudes, que se publicará na páxina web do Concello, o taboleiro de edictos, e a sede electrónica do Concello de Mondariz Balneario. As solicitudes presentadas serán valoradas seguíndose o procedemento establecido nas presentes bases. Os/as solicitantes pasarán a ocupar o lugar que lles corresponda na lista segundo a puntuación obtida. A nova lista conformada constituirá a Bolsa de Traballo."

Por iso, e a fin de dar cumprimento ao establecido nas devanditas Bases procédese a abrir o prazo dende o día 20 ao 30 de marzo de 2024, para a achega de novos méritos para aquelas persoas incluídas na Bolsa, e a achega de novas solicitudes para aqueles que estean interesados en formar parte da mesma.

En Mondariz Balneario, a data á marxe.

O Alcalde. César Gil Bernárdez.

